




galicia

XUNTA DE GALICIA

Destinos Turísticos
Starlight en Galicia

TREVINCA
E
PARQUE
NACIONAL
DAS ILLAS
ATLÁNTICAS
DE GALICIA

DESTINO TURÍSTICO STARLIGHT “TREVINCA”



Na Veiga

Que visitar:

Rede de Museos
Etnográficos da Veiga

Onde comer:

Rst. El Ciervo de Xares,
Rst. A Chairas

Onde aloxarse:

Turismo Rural:

Árbores de Lenda
Eido das Estrelas
O Porto do Carro
O Trisquel

Hoteis:

El Ciervo de Xares***
A Aira da Petada**

Camping:

As Chairas

Pensións:

As Chairas***

Apartamentos:

Eido do Trisquel



A contemplación das chuvias de estrelas das Perseidas (agosto) e das Xeminidas (decembre); a marcha nocturna “Entre Lobos e Estrelas” (coincidindo coa lúa chea de setembro); as xornadas de “AstroTrevinca” (outubro); choco-anoiteceres e concertos musicais “Nanas para Trevinca” desde o Miradoiro Estelar do Rañadoiro constitúen as principais actividades organizadas baixo o paraugas do Destino Turístico Starlight .

O verdadeiro eixe sobre o que vertebra o Destino Turístico Starlight Trevinca, é a Vía Láctea e o Camiño das Estrelas.

O Destino Turístico Starlight é un espazo triangular limitado polos vértices da Tablilla das Lagoas, Pico Maluro e O Rañadoiro, dentro do Espazo Natural Protexido de Pena Trevinca, declarado zona ZEC e ZEPA, no concello da Veiga, colindando co Parque Natural de Sanabria .

Trevinca goza de excelentes calidades para a contemplación ds ceos estrelados por estar afastado dos grandes núcleos de poboación e pola súa altitude.



PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA



Que visitar, onde comer e
onde aloxarse.

Consultar en:

www.turismoriasbaixas.com

www.turismo.gal

Parque Nacional
das Illas Atlánticas
de Galicia



O Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia está situado nas Rías Baixas e está composto de catro arquipélagos: Cortegada e Sálvora na ría de Arousa, Ons fronte á ría de Pontevedra e Cíes fechando a ría de Vigo.

As espectaculares noites das illas, permiten unha contemplación inmejorable do ceo estrelado. Por outra parte, grazas á súa riqueza (tanto faunística como vexetal) e á espectacularidade das súas paisaxes, estas illas constitúen un patrimonio, cultural e natural único no litoral español.

O destino Starlight acolle actividades nos seus Centros de Interpretación relacionadas coa observación e protección do ceo nocturno, con dúas estacións que miden o seu brillo, ademais de accións sobre o terreo nas illas.



A Fundación Starlight, unha entidade de ámbito internacional vinculada ao Instituto Astrofísico de Canarias, creou un sistema de certificación, mediante o cal son acreditados aqueles espazos que posúen unha excelente calidade de ceo e que representan un exemplo de protección e conservación. Son escenarios que incorporan a observación do firmamento como parte do seu patrimonio natural, paisaxístico, cultural ou científico e fomentan á súa vez o turismo de observación das estrelas. Este sistema de certificación está apoiado pola UNESCO, a Organización Mundial do Turismo (UNWTO) e a Unión Astronómica Internacional (IAU).

Os Destinos Turísticos Starlight son lugares visitables que gozan de excelentes calidades para a contemplación dos ceos estrelados e que, ao estaren protexidos da contaminación luminosa, son especialmente aptos para desenvolver neles actividades turísticas baseadas nese recurso natural.

